

## 17. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

<b>IES MUGARDOS</b>	IES de Mugar dos. Departamento de XEOGRAFÍA E HISTORIA		ESO <b>2ºBACH</b> 2016 - 2017
	MATERIA	HISTORIA DE ESPAÑA	
	PROFESOR/A	FRANCISCO CANOURA QUINTANA	

### CONTIDOS

#### 1.ª AVALIACIÓN

**As primeiras culturas** O substrato prehistórico. Inmigracións e colonizacións. Os pobos prerromanos.

**A romanización** A conquista de Hispania: fundamentos económicos e sociais. O proceso de romanización. A difusión do cristianismo. A achega xermánica..

**A herdanza medieval** A Península Ibérica baixo o dominio musulmán. O legado islámico. O proceso de reconquista e repoboación. Os núcleos políticos cristiáns. Economía e sociedade nos reinos cristiáns. A herdanza cultural.

**O legado dos tempos modernos** Os Reis Católicos. A monarquía no século XVI. A proxección española cara a América. O declive do século XVII.

**O século XVIII: Antigo Réxime, reformismo e Ilustración** A guerra de Sucesión e o cambio de dinastía. O reformismo borbónico. Os ilustrados españois. A América hispana no século XVIII.

**A crise do Antigo Réxime (1788-1833)** O medo á revolución. A alianza coa Francia napoleónica. A guerra da Independencia (1808-1814). O programa revolucionario das Cortes de Cádiz. A restauración do absolutismo. A emancipación da América hispana.

**A construción da España liberal (1833-1874)** A revolución liberal-burguesa. A guerra civil (1833-1840). A evolución política (1833-1843). A Década Moderada (1844-1854). O Bienio Progresista (1854-1856). A Unión Liberal e o retorno do moderantismo (1856-1868). Economía e sociedade na España isabelina. O Sexenio Democrático (1868-1874). A cultura na España liberal.

#### 2.ª AVALIACIÓN

**A restauración moderada (1875-1902)** As bases do réxime restaurado. A oposición ao sistema. Os nacionalismos. Sociedade e economía na España da Restauración. O desastre do 98. A cultura da Restauración: conservadorismo e rexeneracionismo.

**O reinado de Alfonso XIII (1902-1931)** A estrutura social española en 1900. A evolución do réxime. España e a Primeira Guerra Mundial. A agonía do réxime da Restauración (1918-1923). A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930). O Pacto de San Sebastián e a fin da monarquía.

**A Segunda República (1931-1936)** O cambio de réxime. O Bienio Reformista. O Bienio Radical cedista. A hora da esquerda: a Fronte Popular. A idade de prata da cultura española (1898-1936).

**A Guerra Civil (1936-1939)** Golpe de Estado de 1936: resposta popular e Guerra Civil. A evolución militar da guerra. Evolución política e social no bando republicano. Evolución política e social no bando franquista. Sociedade e cultura na Guerra Civil. Dimensión exterior da Guerra Civil. Consecuencias da Guerra Civil.

#### 3.ª AVALIACIÓN

**A ditadura de Franco (1939-1975)** As bases do réxime franquista. A posguerra. Os anos corenta. Os anos cincuenta: apertura e recoñecemento exterior. A España do desenvolvemento (1960-1973). O ocaso do franquismo (1969-1975).

**A Transición (1975-1982)** A sociedade española en 1975. As forzas políticas tras a morte do ditador. Un ano clave: 1977. O Goberno de UCD. A Constitución española de 1978. As eleccións de 1979 e o segundo Goberno de UCD. Os cambios sociais e culturais. A integración en Europa.

**A consolidación democrática** As eleccións do cambio Os problemas dos anos oitenta. A reactivación económica (1986-1989). A corrupción política e o cambio social. O cambio de século. A construción da Unión Europea e España. Os cambios sociais e culturais de España.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude Traballo diario (casa, clase, actitude)	5 %	
Conceptos e procedementos	Probas escritas	80 %
	Traballos/ Composicións	15 %
	Lecturas	NON HAI

**Actitude**, falamos de un comportamento axeitado e non disruptivo, un respecto polo grupo e o profesor, tendo en conta ao mesmo tempo as faltas de asistencia e as de puntualidade non xustificadas. **Conceptos e procedementos**, referimos a actividades na aula, con exames (dous por avaliación coma mínimo) e traballos que irán realizando ao longo do curso.

Todo o dito anteriormente queda suxeito a práctica docente co cal pode haber algún cambio no devenir das avaliacións.

**Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves ( ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.**

**No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.**

### PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/Non Lerase documentos

**TIC** Potenciar a creación de vídeos por parte dos alumnos. Potenciar a análise de fontes de información na Rede. Empregar programas e páxinas multimedia na aula. Ensañar metodoloxías de ensino a través de blogs e redes sociais. Recomendar páxinas web.

-Asesorar nunha correcta utilización da Rede como fonte de información. Asesorar nun correcto uso de programas como Power Point ou similares. -Aproveitar a Rede para realizar actividades a distancia con outros centros/institucións. Axilizar o contacto e o feedback colgando na Rede material realizado polos alumnos, exames, comentarios, etc.

### PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Íranse introducindo ao longo do curso.